



# BANDO

## LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Os/as propietarios/as, arrendatarios/as ou usufructuarios/as de parcelas que se atopen dentro dos núcleos de poboación ou próximas a calquera vivenda, **TEÑEN A OBRIGA DE MANTELAS LIMPAS** de herbas, rastroxos, maleza, lixo, etc..para evitar deste xeito o risco de incendios forestais.

Nun perímetro de 50 metros, arredor dos núcleos de poboación, ou de calquera vivenda illada, deberase manter o terreo perfectamente limpo libre de vexetación seca e coa masa arborea aclarada, tal como establece o artigo 21 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Estos traballos deberán estar executados, antes de que remate o día **31 de maio de cada ano**.

Nesta franxa de terreo non permite a existencia das seguintes especies arbóreas:

-Pino galego, pino do país, pino silvestre, pino de Monterrei, pino de Oregón, mimosa, acácia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, retama, brezo retama, toxos, silvas e fentos.

Os titulares de fincas que non se atopen limpas, serán RESPONSABLES TANTO CIVIL COMO PENALMENTE, POLOS POSIBLES DANOS QUE SE POIDAN OCASIONAR tanto a persoas ou bens, como consecuencia de incendios forestais nos que a súa orixe sexa a falta de coidado debido das parcelas, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer de conformidade coa lexislación vixente.

O que se pon en xeral coñecemento para os efectos oportunos.

O ALCALDE,

**Documento asinado dixitalmente á marxe.**